

PLAN ESTRATÉXICO DO INEF DE GALICIA

Aprobado en Xunta de Centro 24/Oct/2003

INTRODUCCIÓN AO PLAN ESTRATÉXICO DO INEF DE GALICIA	1
I. MISIÓN, CULTURA E VALORES DO INEF-GALICIA	3
I.1. Misión.	3
I.2. Cultura.	4
I.3. Valores.	5
II. PROXECTO EDUCATIVO	7
II.1. Proxecto docente: plan para a mellora da calidade de ensino	7
II.1.1. Medidas consideradas como obrigatorias para a mellora do ensino.	8
II.1.1.1. Establecemento dun sistema de titorías persoalizadas	8
II.1.1.2. Prácticas externas e bolsa de traballo	8
II.1.1.3. Coordinación e seguimento dos programas das asignaturas	9
II.1.1.4. Análise das asignaturas con calificacións globales extremadamente altas ou baixas e constitución de tribunais.	9
II.1.1.5. Definición dos indicadores docentes e o seu seguimento.	10
II.1.1.6. Facilita-la formación continua do profesorado sobre métodos, procedementos e tecnoloxía relativos á mellora do ensino.	11
II.1.1.7. Organización de sesións de presentación da titulación e do Centro para estudantes de novo ingreso.	
II.1.1.8. Convocatoria anual de cursos de orientación vocacional e profesional e organización de sesións de presentación dos grupos de investigación ao rematar o primeiro ciclo (créditos de libre configuración).	11
II.1.1.9. Optimización da páxina Web e revisión do contido da guía docente. (papel, web y CD).	12
II.1.1.10. Seguimento dos egresados col fin de crear unha Base de Datos tanto para a Bolsa de Traballo como para coñece-las diferentes demandas de emprego	12
II.1.1.11. Coordinación e normativa do uso de material docente e investigador.	12
II.1.1.12. Coordinación da utilización das instalacións.	13
II.1.1.13. Organización dos horarios de clases	13
II.1.2 Adopción de medidas, consideradas de carácter preferencial, non obrigatorio, para a mellora do ensino	13
II.1.2.1 Curso cero (a celebrar ao inicio de cada curso académico).	13
II.1.2.2 Facilita-lo coñecemento práctico de informática (créditos de libre configuración).	13
II.1.2.3. Facilita-lo coñecemento de idiomas (créditos de	

libre configuración).	14
II.1.2.4. Realización de cursos para a formación e mellora do coñecemento dos estudantes sobre técnicas de estudo, traballo en grupos e búsqueda bibliográfica.	14
II.1.2.5. Xornadas de encontro con profesionais e empresarios para conectar ao alumnado co mundo profesional e laboral.	14
II.1.2.6 Realización de cursos de educación da voz para ensinantes e profesionais.	14
II.1.2.7 Facilitar e incrementa-las estancias dos estudantes en outras Universidades Españolas e Europeas, co establecemento das convalidacións oportunas.	14
II.1.2.8 Facilita-lo intercambio e estancias de profesores do centro cos de outras universidades.	15
II.2. PROXECTO INVESTIGADOR	15
<i>II.2.1 Diagnóstico.</i>	16
<i>II.2.2 Deseño de propostas.</i>	16
II.2.2.1 Redefini-la filosofía da acción investigadora	16
II.2.2.2. Cuestións de organización.	17
III. INEF GALICIA ABERTO	18
III.1. Presentación INEFG-Aberto	18
III.2. Liñas de actuación do INEFG-Aberto.	20
III.2.1. Relación INEFG-Aberto / Empresa – Institución.	20
III.2.2. INEFG-Aberto e as Novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC).	21
III.2.3. INEFG-Aberto On Line.	22
III.2.4. INEFG-Aberto e os Programas de Movilidade de Estudantes e Profesores nacionais (SICUE - SÉNECA) e internacionais (ERASMUS).	23
III.2.5.- INEFG-Aberto, a Formación Continua e a súa proxección á sociedade.	24
III.2.6.- INEFG-Aberto e o Novo Modelo de Campus de Oleiros.	24

INTRODUCCIÓN Ó PLAN ESTRATÉXICO DO INEF DE GALICIA

A situación histórica da formación dos profesionais da Educación Física e o Deporte en España estivo desconectada da institución universitaria ata fai ben pouco tempo: as primeiras Facultades (Universidade de Granada e Universidade das Palmas) cumpren o seu 20 Aniversario no ano 2004 mentres que o título de licenciado é incluído no catálogo oficial ó deixar de ser “homologado” en Decembro de 1992.

A traxectoria do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) dende a súa creación en 1987, enraizada no ámbito e institucións do Deporte, orientouse progresivamente á Universidade. Nos momentos no que se plantexa a redacción deste plan estratéxico estase ultimando o proceso que levará ó INEFG á integración como un centro universitario público de pleno dereito. Esta integración reforzará os aspectos que consideramos máis positivos ó tempo que se debe contemplar con aqueles outros, procedentes da Universidade, que nos permitan unha satisfacción máis axeitada das esixencias que plantexa unha sociedade máis complexa.

Por outro lado, no inicio do milenio, movémonos nesta década entre o descenso de estudantes que chegan á Universidade e a tendencia converxente con Europa. As liñas de acción futura pasan por:

- 1.- A calidade, intrínseca á vontade docente do profesorado e o traballo dos estudantes, e extrínseca ante a tendencia avaliadora da Comunidade Autónoma, o Estado e a Unión Europea.
- 2.- A mobilidade de estudantes e profesores (estadías, postdoutorados,...)
- 3.- A armonización no recoñecemento de títulos e requisitos para o exercicio profesional en Europa e o mundo.

O INEF de Galicia superou a súa etapa de nacemento e as crises iniciais de desenvolvemento, pasando de 450 estudantes a 1.000, de 23 profesores a 48, de un 10% de Doutores a case un 70% , igualmente resolveu ben os seus retos do pasado máis inmediato, e está en vías de resolve-lo máis importante do presente: a súa plena integración na Universidade da Coruña.

O Centro non pode ceder na súa vocación e compromiso coa sociedade a través do seu traballo docente, investigador e promotor da Educación Física, a promoción da saúde a través da actividade física e a excelencia na práctica deportiva e o ocio activo e creativo dos cidadáns.

Cumprindo o ordenamento xurídico, o INEFG quere reafirmarse na súa dinámica de:

- a) Autoxestión e autogoberno reflexivo e responsable de bens e recursos públicos.

- b) Identificar e intervir na complexidade da súa oferta docente, a investigación, as necesidades sociais e a interacción con sectores cívicos, políticos y socioeconómicos.
- c) Concienciarse como comunidade universitaria e concienciar ó poderes públicos e ós axentes sociais sobre a necesidade da súa promoción e consolida-la actividade física, a educación física e o deporte como un ben e un servicio público.
- d) Formar profesores de educación física que traballarán, nos diversos ámbitos, con obxectivos específicos e con actitude educativa.

No ánimo e convicción de cumprir estas intencións desenvólvese este Plan Estratégico que complementado co Informe de Avaliación da Titulacións, pretende servir de guía a este Centro durante o próximo período de desenvolvemento do mesmo.

I MISIÓN, CULTURA E VALORES DO INEF-GALICIA

I.1. MISIÓN

Os obxectivos que, como institución pública de ensinanza universitaria, orientaranse cara ó cumprimento de aquelas metas que caracterizan á mesma: universidade, creación e difusión do coñecemento partindo das demandas e posibilidades do seu entorno e, dende aí, buscar un nivel de excelencia que poida mellora-la condición da nosa sociedade.

Son metas do INEF-Galicia:

- Definirse como unha institución educativa de calidade arraigada na súa sociedade e comprometida co desenvolvemento de Galicia, realizando as súas actividades en dous ámbitos principais: a docencia e a investigación.
- Considera-la institución como un proxecto común no que participan tódolos seus integrantes: profesores, estudantes e persoal non docente.
- Propugnarse como un centro de referencia no ámbito da Educación Física, a Actividade Física e o Deporte ó servicio da nosa comunidade.
- Comprometerse co desenvolvemento de Galicia mediante os correspondentes convenios e acordos para a prestación de servicios a outras institucións sen ánimo de lucro e a empresas públicas e privadas, relacionadas coa educación física, o deporte, a actividade física e a saúde, o ocio e a xestión deportiva, na medida que sirva ó logro dos fins propios da institución.
- Inspirarse na non discriminación por razóns de sexo, idade, tendencia política, orixe étnico ou discapacidade ou calquera outros argumentos.
- Erixirse en creador de cultura, de pensamento e innovación en tódalas áreas relacionadas coa educación física, a actividade física e o deporte.
- Exercer, ademais de centro de formación inicial, de centro de formación de técnicos deportivos e de postgraduación e doutorados nos seus ámbitos de coñecemento.
- Conseguir unha formación integral de calidade para os seus estudantes potenciando:
 - A participación activa dos mesmos no seu proceso formativo, non soo no termo científico-técnicos senón atendendo ó desenvolvemento da persoa e das súas actitudes, competencias, capacidades e habilidades.
 - A orientación á demanda social e o mercado laboral.
 - A excelencia dos servicios ofertados.
- Demandar un profesorado comprometido coa calidade da docencia a través, entre outros procedementos, de:
 - O desenvolvemento e a transferencia de investigacións propias para incrementa-las competencias profesionais dos alumnos.
 - A formación permanente incidindo na vertente pedagóxica e a actualización tecnolóxica.
 - A máxima integración nos obxectivos e na xestión dos órganos colexiados da institución.
 - A actitude de máximo respecto ás limitacións dos alumnos en canto ó tempo que se lles esixe de dedicación para que este acordo coas súas posibilidades

- Potencia-la posta en marcha dos procesos avaliadores máis idóneos para as diversas facetas docentes, investigadoras e do funcionamento institucional.
- Orientarse á unha decidida defensa dos valores propios da sociedade, e a cultura galega, así como manter un compromiso constante coas esixencias e necesidades da comunidade galega nos seus ámbitos de actuación.
- Defender e promove-lo galego tanto na súa oferta de publicacións como nos documentos emanados dos órganos de goberno do Centro.
- Manter un seguimento das esixencias e necesidades da comunidade galega en relación co seu ámbito de actuación.
- Manter e promove-la difusión, colaboración e investigación conxunta con institucións educativas e investigadoras dos países culturalmente máis próximos: Europeos, en especial Portugal, pola súa dobre proximidade xeográfico-histórica e lingüística, e Iberoamericanos.
- Promove-la axuda e o intercambio con institucións educativas de países con especiais dificultades.
- Promove-las condicións, materiais e ambientais, que faciliten o desenvolvemento da investigación e formatos docentes máis axustados ás esixencias da sociedade.
- Fomentar, como un campo de investigación básico, o desenvolvemento epistemolóxico relacionado coa Educación Física, a Actividade Física e o Deporte no máis amplo sentido.

I.2.CULTURA

È desexo da comunidade do INEFG mante-los seguintes principios en canto centro emisor e receptor da cultura:

- O INEFG orientase na defensa dos principios que constitúen a base do sistema democrático.
- O INEFG promoverá o respecto ás normas que faciliten a convivencia no Centro, ó tempo que a consecución dos obxectivos persoais e académicos.
- O INEFG propón a consideración da docencia e investigación en tódalas súas materias como unha actividade educativa, no máis amplo senso.
- Favorece-lo recoñecemento dos esforzos realizados por tódolos seus compoñentes no logro de excelencia, a innovación e o traballo en equipo.
- Expresase o compromiso do INEFG coa sociedade que o promove e da que toma os seus obxectivos.
- O INEFG como institución pioneira na creación e difusión do coñecemento relacionado coa Educación Física, a Actividade Física e o Deporte en Galicia propónse difundir, actualizar e coordina-las actuacións dos diversos axentes sociais implicados nas actividades física e o deporte.
- O INEFG desenvolverá as medidas que potencien a conexión do ámbito educativo e deportivo con outros ámbitos da cultura e sociedade galega.
- Potenciarase na nosa institución a presentación axeitada de todas aquelas actividades que o dean a coñecer ó conxunto da sociedade.
- Coordinaranse actividades e convenios, educativos e investigadores, con outros centros que potencien o mutuo recoñecemento e a creación ou difusión do coñecemento.

- A busca da máxima implicación de tódolos que integran esta institución é unha das bases do facer diario, potenciando estilos de traballo que favorezan a coordinación de persoas, equipos de traballo e medios para a consecución de obxectivos.
- Potencia-las vías para a mellora continua dos servizos prestados, destacando a avaliación continua das actividades docentes e non docentes.
- Fomentar procesos de aplicación das procedementos e metodoloxías desenvolvidas.
- O INEFG intenta promove-la participación de tódolos seus compoñentes, dentro dos principios apuntados de responsabilidade e máxima participación, na toma de decisións que afectan á institución.
- O INEFG considera necesario promover un estilo interno de comunicación que potencia a intercomunicación e o debate sosegado e constructivo entre tódolos seus membros.
- O INEFG promoverá o coñecemento e a investigación no campo da actividade física e do deporte co compromiso de cumprimento das boas prácticas profesionais asumidas polo centro e co obxectivo de facilita-lo ben público.
- O INEFG propónse como unha institución promotora da transformación social en:
 - As actividades, os procedementos e a organización e xestión físico-deportiva
 - A calidade e o prestixio na ensinanza e investigación
 - A expresión da vocación e a dimensión humana e de compromiso co futuro das persoas e comunidades, que constitúen Galicia.
- Presentase como desexable a promoción de hábitos e estilos de vida saudables no INEFG no dobre sentido de consideralo como o noso centro de traballo ó tempo que unha esixencia da nosa actividade educativa.
- O INEFG propónse a concienciación de tódolos seus membros na necesidade de mante-lo material e instalacións do centro nas mellores condicións posibles.
- O INEFG comprométese a difundir, do modo que sexa posible, a produción científica dos seus compoñentes, prestando especial atención a utilización de novas tecnoloxías e á formación a distancia.
- O INEFG manifestase a favor da sensibilidade e o compromiso co medio ambiente nas prácticas físico-deportivas, avogando por un desenvolvemento sostible.
- Buscarase a máxima implicación posible dos alumnos nos procesos de ensinanza/aprendizaxe.
- O INEFG pretende potencia-la participación dos seus estudantes na vida da comunidade universitaria, con especial preferencia ás asociacións de estudantes.
- O INEFG, como institución, desexa seguir mantendo contacto cos alumnos titulados nela. Para elo, potenciará as actividades e institucións que sexan necesarias.

I.3.- VALORES

O INEFG pretende, no ámbito dos valores:

- A promoción e defensa dos valores que encarnan unha sociedade humanizada e favorecedora do desenvolvemento persoal e social: liberdade, paz e fraternidade, solidariedade e xustiza social, o pluralismo, o respecto polas ideas e o fomento do espírito crítico, así como a busca da verdade, a convivencia pacífica e a defensa dos dereitos humanos son fins da nosa institución.
- A crítica razoada, responsabilidade compartida e o debido respecto a tódalas persoas.
- A defensa dos principios que inspiran a natureza e fins da universidade pública.

- A vocación social, comprometida coa defensa do principio de igualdade de oportunidades e co fomento do progreso do conxunto da sociedade.
- A defensa da primacía da persoa como base da sociedade e das súas institucións.
- As actuacións persoais e profesionais orientaranse baixo os principios éticos na docencia e investigación de que se dote o INEFG e a Universidade da Coruña.
- A busca que a excelencia na praxis deportiva pode aportar ó ámbito de formación universitaria na que nos movemos.
- A responsabilidade compartida, crítica pero solidaria, polos distintos sectores do INEFG no goberno, xestión e control do funcionamento do mesmo.
- Para atender mellor á defensa dos dereitos da persoa prestarase especial atención á eliminación, na medida das nosas posibilidades, da desigualdade social e a discriminación por razón de xénero, idade, orixe social, tendencia política e relixiosa ou calquera outras que alteren a igualdade básica de tódolos seres humanos.
- O INEFG marcarse como obxectivo producir e respecta-los diversos tipos de coñecemento, relacionados cos ámbitos da educación física, a Actividade Física e o Deporte.
- O INEFG propónse a aplicación dos valores positivos asociados a un dos seus núcleos centrais e diferenciadores: o Deporte, combinado a busca de rendemento que este leva coa necesaria consideración dos aspectos educativos que o adestramento e a competición deportiva poden aportar baixo una adecuada dirección.
- A participación dos alumnos en actividades docentes e de investigación farase cumprindo os principios éticos que adoptou o INEFG.
- O INEFG afirma o seu carácter aberto e universal ás comunidades española, europea e iberoamericana.
- O INEFG pretende potencia-la concienciación de tódolos seus compoñentes na importancia de mante-lo medio natural nas mellores condicións posibles, priorizando a súa conservación fronte a exploración comercial ou recreativa intensiva.
- O INEFG potenciará a conexión entre a docencia e a investigación, de xeito que as actividades académicas se beneficien dos avances nas novas tecnoloxías e dos intereses de cada un dos docentes.
- Os docentes do INEFG comprométese co desenvolvemento de metodoloxías axeitadas ós fins da Institución.
- O INEFG propónse potencia-la progresiva autonomía dos alumnos en tódolos procesos e ámbitos da súa formación.

II. PROXECTO EDUCATIVO

III. PROXECTO DOCENTE: PLAN PARA A MELLORA DA CALIDADE DE ENSIANZA

Un plan para a mellora da calidade da ensinanza pasa, de xeito inevitable, pola reflexión dos obxectivos que persigue o centro: a formación dos profesionais da E.F. e o deporte; pero tamén pola reflexión sobre o obxecto de estudo: o deporte e a actividade física.

Neste senso, entendemos que é preciso recordar que o Deporte e a E.F. se encontran inmersos en contexto sociais e culturais que foron cambiando progresivamente da modernidade á postmodernidade ó longo das últimas décadas, e que nestes cambios foron, ó noso entender, de gran magnitude afectando de xeito importante a varias cuestións:

- Ó perfil dos profesionais: en canto persoas e traballadores. Dado que os valores das sociedades cambiaron e cada vez se consolida máis unha sociedade postmoderna que difire da sociedade moderna na que naceu o deporte. Isto repercute nas actitudes das persoas, na súa xerarquía de valores e, lóxicamente, no perfil do profesional.
- E tamén o significado e sentido outorgado ó deporte e á E.F. nestes contextos. O significado de deporte “ábrese” coa postmodernidade favorecendo a aparición de novos deportes, pero tamén a posibilidade de practicalos tradicionais dunha forma individualizada, en función das propias necesidades, intereses e aspiracións. Os centros encargados da formación dos profesionais do ámbito deben reflexionar sobre estas transformacións sociais e culturais, do contrario seguiremos formando anclados en presupostos do pasado que non se adaptan ás novas realidades vixentes.

A tendencia á reprodución da tradición (nos modelos de profesor, de adestrador, nos sistemas de xestión, etc.) é un feito constatable. A propia inercia do sistema ó facilita, pero tamén o reforza a necesidade que ten o individuo como tal de sentirse seguro. A innovación e o cambio provocan incerteza, desasosego e a necesidade de tomar decisións que sempre introducen a posibilidade de erros. Sen embargo, entendemos que, en tempos de cambio e de evolución, debemos realizar unha adaptación ós mesmos, non sooo para ser competitivos como centro de ensinanza e ofertar calidade, senón como o único camiño para levar a cabo unha formación adaptada á realidade do momento. E a única garantía de éxito da que dispoñemos é o coñecemento, a formación rigorosa, a reflexión profunda; o desenvolvemento de aptitudes obxectivas de análise, a capacidade de debate, de replanteamento e de crítica; e a continua redefinición de nos mesmos como persoas, posto que, en definitiva, a ética persoal é a que vai a condiciona-la ética profesional do Licenciado en Ciencias da Actividade Física e o Deporte.

II.1.1.-MEDIDAS CONSIDERADAS COMO OBRIGATORIAS PARA A MELLORA DA ENSINANZA

II.1.1.1.- Establecemento dun sistema de titorías personalizadas.

Da realización desta medida encargarase directamente o Departamento, a Subdirección de Ordenación Académica e o profesorado, agás ós que non teñan dedicación completa.

Propónse que estas titorías consten de:

- A adxudicación cada ano, por parte do Departamento, dun número de estudantes de primeiro curso e complementos de formación, a cada profesor.
- Presentación do grupo novo de estudantes a cada titor persoal.
- Presentación e organización de cada profesor con un grupo de estudantes, para o seguimento global dos estudos.
- Reforzo nas decisións e actuacións dos estudantes ó longo da súa carreira nos seguintes aspectos, e accións expostas polo departamento e/ou centro:
 - 1º) Ó inicio dos servizos:
 - Supervisión e seguimento da formación en materias como o uso das novas tecnoloxías e o aprendizaxe de idiomas.
 - Divulgación e coñecemento dos recursos didácticos, culturais e sociais.
 - 2º) Ó cambiar de ciclo:
 - Orientación sobre actividades complementarias a través de créditos de libre configuración.
 - Orientación sobre asignaturas optativas, Itinerarios Específicos curriculares, e pre-enforques profesionais e inserción no mercado laboral.
 - 3º) Segundo Ciclo e último curso:
 - Orientación sobre asignaturas optativas, Itinerarios Específicos curriculares, e pre-enforques profesionais e inserción no mercado laboral.
 - Xestión de prácticas voluntarias en Institucións e empresas.
 - Supervisión e titoría personalizada do Prácticum do último curso (co profesor coordinador)
 - Conexión e información das Asociacións Científicas, Colexio Profesional, Equipos de Investigación, Estadías no estranxeiro,...

II.1.1.2. Prácticas externas e bolsa de traballo

Da realización desta medida encargarase directamente a Subdirección de Servizos ós Estudantes e o Profesor encargado de Prácticum, si ben considerase necesaria a creación da figura dun bolseiro para que se encargue das tarefas de actualización da bolsa de traballo, xa incluída na páxina Web do INEF (oferta e demanda).

Incorporarase á bolsa de traballo todo lugar don de o estudante realice traballos remunerados, de outro modo eses lugares non serán recoñecidos como destinos de prácticas de asignaturas do Prácticum.

Esta medida vaise a implantar e organizar en conexión coa labor das titorías personalizadas. Centrariáanse sobre todos nos seguintes ámbitos:

- Itinerario de Educación Física Escolar: Centros escolares públicos e privados (educación formal e informal).
- Itinerario de Rendemento Deportivo: Clubs Federados e deportistas dedicados á participación en competición deportiva, Escolas Deportivas, Deporte Escolar de competición.
- Itinerario de Actividade Física e Saúde: Patronatos Deportivos Municipais, Ximnasios e Clubs Privados, Hospitais, Centros de Rehabilitación de colectivos especiais; Centros de Reinserción de colectivos marxinais; Institucións Penitenciarias; adestrador persoal, readaptador físico, etc..
- Itinerario de Xestión do ocio deportivo. Patronatos Deportivos Municipais, Ximnasios, Clubs Privados, empresas de servizo, etc..

II.1.1.3. Coordinación e seguimento dos programas das asignaturas:

Da realización desta medida encargarase directamente o Departamento, a través da convocatoria de reunións específicas de carácter obrigatorio. Convocarase ós profesores en función dos grandes ámbitos existentes no centro ou itinerarios, pero tamén en función de afinidades interdisciplinares aínda que as asignaturas non pertencen ó mesmo ámbito.

Esta medida constitúe unha necesidade permanente para que os estudos teñan lóxica interna e eficacia final na formación dos titulados, pero tamén constitúe un proceso de formación permanente para o profesorado, dado que o coñecemento directo dos contidos desenvolvidos por outros colegas permitirá un coñecemento real das evolucións, e novos enfoques que o deporte e a educación física están experimentando. De tódolos xeitos, seguirase fomentando a diversidade como unha expresión da “liberdade de cátedra”.

O seguimento da coordinación o realizará a Comisión Permanente do departamento, que encargará á Unidade de Apoio á Investigación e/ou a outros investigadores informes a través dos cuestionarios sobre a percepción das **CONTINUIDADES CURRICULARES** por parte dos profesores e estudantes, e da idoneidade de programas, ensinanzas e descritores dos plans de estudos vixentes, eficacia das titorías, etc..

O obxectivo final é a integración de tódalas accións nun proxecto educativo como base para establece-la coordinación curricular entre o profesorado de cada un dos estudos impartidos e dos seus itinerarios curriculares.

II.1.1.4. Análise das asignaturas con cualificacións globais extremadamente altas ou baixas e constitución dos tribunais

Da realización desta medida encargarase directamente a Comisión Permanente do Centro.

Ademais de analizar e estudar os *casos de asignaturas con cualificacións extremas que se repiten de forma continuada*, débese realizar un discreto seguimento permanente da evolución do conxunto das cualificacións, ponderando as desviacións posibles e as súas causas no balance: esixencia sobre a ensinanza/esixencia sobre o aprendizaxe. Tendo sempre presente que o aproveitamento real dos estudantes dependerá en gran parte do esforzo realizado por eles mesmos.

II.1.1.5. *Definición dos indicadores docentes e o seu seguimento*

Da realización desta medida se encargará directamente a Comisión Permanente do Centro, coa axuda, para a recollida e análise de datos internos, da UAI e da Axencia de Avaliación Universitaria de Galicia e, da UDC, para o asesoramento relativo a procedementos de avaliación institucional.

Para este fin propóñense basicamente os seguintes indicadores que se encontran intimamente relacionados coa posta en marcha deste Plan para a mellora da calidade de ensinanza, que son:

- Resultados da enquisa dos estudantes sobre a actuación docente. Suxírese a mellora de dita enquisa a través da incorporación de novos indicadores como poden ser, entre outros: grao de asistencia do alumno ás clases, para coñece-lo nivel de implicación do alumno na asignatura e o seu grao de información respecto da mesma; consulta de bibliografía recomendada; o número de veces que acudiu a titorías. Ademais dun maior control na aplicación do instrumento, sen que sexa o propio profesor quen recolla as enquisas na hora da clase (sesgo que pode invalidalos resultados).
- Porcentaxe de aprobados e suspensos de cada asignatura, número de convocatorias por estudante en cada asignatura, suxerencias para a mellora de eficacia docente, etc.
- Número de sesións de titorías de asignaturas ás que o alumno acudiu e número de estudantes implicados nelas.
- Grao de asistencia dos alumnos á clase.
- Nivel de cumprimento na impartición dos programas. Determinación dos motivos en caso de que non se impartira o programa completo.
- Niveis de adecuación con respecto ós descritores (enquisa a profesores e a estudantes)
- Determinación de ausencias non xustificadas a clases dos profesores ou cambios de horarios non autorizados.
- Control do calendario de exames parciais (¿É ético que algúns profesores poñan exames en horas de clase doutros profesores?)
- Descrición e análise de permisos académicos do profesorado
- Incremento dos coñecementos e utilización da informática polo alumnado.
- Mellora do coñecemento e nivel de idiomas por parte do alumnado.
- Número de alumnos que realizan prácticas externas
- Número de alumnos que participan en programas de intercambio con outras Universidades
- Outros.

II.1.1.6. Facilita-la formación continua do profesorado sobre métodos, procedementos e tecnoloxía relativos á mellora da ensinanza:

Da organización desta medida encargárase o Departamento.

Nun futuro inmediato vai a resultar imprescindible unha posta ó día permanente no uso de métodos e procedementos de ensinanza, así como na utilización das novas tecnoloxías aplicadas á docencia. Neste sentido será necesario un plan de formación permanente do profesorado como docentes, utilizando para elo as convocatorias da Xunta, da UDC e actividades propias específicas e complementarias.

II.1.1.7. Organización de sesións de presentación da titulación e do Centro para estudantes de novo ingreso.

Da realización de esta medida encargárase directamente a Subdirección de Ordenación Académica e o Departamento, coa axuda de profesores de diferentes especialidades e profesionais de diferentes ámbitos dentro do campo da Actividade Física e o Deporte.

Levarase a cabo ó longo da primeira semana do curso e dedicaranse sesións especiais para dar a coñecer:

- A estrutura do plan de estudos e as súas relacións con ámbitos profesionais
- Os itinerarios que se ofertan nesta carreira
- O sistema de titorías a desenvolver (obrigatorio e optativo)
- Pero tamén, a filosofía e ética que cada unha das persoas deben desenvolver para facilita-la convivencia dun colectivo numeroso:
 - desaparición de material
 - desperfectos provocados
 - roubos de efectos persoais
 - utilización de móbiles
 - utilización de taquillas, etc.

II.1.1.8. Convocatoria anual de cursos de orientación vocacional e profesional e organización de sesións de presentacións dos grupos de investigación ó remata-lo primeiro ciclo (créditos de libre configuración)

A complexidade do Plan de Estudos en canto o número de asignaturas optativas e de libre configuración e a situación do mercado laboral aconsellan a celebración deste tipo de actividades, co fin de axudar ós estudantes na elección dun Itinerario Curricular. Igualmente para orientalos con respecto á incorporación a grupos de investigación do centro.

Departamento e Subdirección de Ordenación Académica serán os encargados de convocar e organizar estes cursos.

II.1.1.9. Optimización da páxina Web e revisión do contido da guía docente (papel, web e CD).

Da realización desta medida encargarase directamente a Subdirección de Servicio ós Estudiantes, coa axuda de bolseiros expertos.

Procurarase habilita-lo marco necesario para que os profesores que o desexen podan envorcar nela información da súa asignatura para facilita-lo acceso ás TIC na ensinanza.

Esta medida complementarase coa organización de cursos para os profesores que permitan optimiza-la utilización da mesma.

II.1.1.10 Seguimento dos egresados co fin de crear unha Base de Datos tanto para a bolsa de traballo como para coñece-las diferentes demandas de emprego.

Da realización desta medida encargarase directamente a Subdirección de Servicio ós Estudiantes, sendo necesaria a axuda de bolseiros para o establecemento e mantemento da base de datos correspondente.

Actualmente dispónse dunha base de datos dos máis de 1.000 egresados, a partir da información dispoñible de cando foron estudantes; pero para poder realizar accións de seguimento deberanse actualiza-las direccións e situacións laborais, dun modo on-line e por rastreo.

II.1.1.11 Coordinación e normativa do uso de material docente e investigador.

No centro existe equipamento de tres procedencias:

- 1º.- De prácticas docentes (do centro)
- 2º.- De investigación (do centro e da UDC)
- 3º.- De investigación (Proxectos, contratos, ...)

Isto obriga a que o uso esta material teña que ser coordinador polo Departamento e a Dirección, xa que o centro ten material de catro tipos:

- Docente comprado polo Centro
- De investigación comprado polo Centro
- Investigador facilitado pola Universidade de A Coruña por medio de Axudas concedidas ós equipos en formación (inventariable UDC)
- Propio dos grupos de investigación

É necesario por tanto desenvolver medidas de dous tipos:

- Concretar unha relación de hábitos e aptitudes que é preciso cambiar para o bo funcionamento do centro e a conservación do material.

- Diseñar un sistema de seguridade a través de tarxeta magnética que permita o control de acceso ás instalacións e á vez facilite a identificación das persoas que accederon, de maneira que se identifiquen responsabilidades.

II.1.1.12 Coordinación da utilización das instalacións.

A organización do uso de instalacións, pavillóns e aulas, deberá ter unha constancia das persoas que imparten actividades e non son profesores do centro. Debese evita-la interferencia de persoas alleas ó centro na actividade docente dos profesores. Os auxiliares de servizo acudirán nos días e horas correspondentes a cada instalacións e facilitarán a saída de usuarios e a entrada do profesor e o inicio da súa clase. Como medida principal deberase destinar un auxiliar en cada quenda para cada unha das instalacións de prácticas lectivas.

Organizarase un sistema que permita axusta-la solicitude de instalacións por entidades externas e a solicitude de instalacións para a impartición de créditos prácticos coa realidade da súa utilización.

II.1.1.13 Organización dos horarios de clase.

De forma que unha tarde á semana poida quedar reservada para reunións de profesores, convocatoria de cursos para alumnos e organización de actividades culturais e deportivas abertas a tódolos colectivos.

II.1.2. ADOPTACIÓN DE MEDIDAS, CONSIDERADAS DE CARÁCTER PREFERENCIAL, NON OBRIGATORIO, PARA A MELLORA DA ENSINANZA:

II.1.2.1. Curso cero (a celebrar non inicio de cada curso académico)

Estes cursos tratan de potencia-lo máximo aproveitamento do contido dos estudos de Ciencias da Actividade Física e o Deporte. As accións serían as seguintes:

- Avaliación inicial obrigatoria dos estudantes en canto a expectativas, orientación e preferencias respecto á futura práctica profesional, experiencia no ámbito da práctica deportiva, etc..
- Avaliación optativa da condición física dos alumnos máis precisa da que permite a proba de acceso, con proposta dun plan personalizado de mellora.
- Avaliación das calidades intelectuais dos alumnos: capacidade de síntese, de redacción, de expresión oral e escrita, etc.. De forma que se coñezan as cuestións sobre as que o alumno debe mellorar individualmente.
- Conferencias sobre orientación no ámbito do exercicio profesional e oportunidades de emprego.

- Formación básica sobre o uso das novas tecnoloxías. Acceso á información a través de intranet da Universidade, e do centro en Aula-Net e biblioteca.

II.1.2.2. Facilita-lo coñecemento público de informática (créditos de libre configuración)

Da realización desta medida encargárase o Subdirector de Servicio ós Estudiantes e o profesor de informática, asistidos por un bolseiro, sendo necesaria a colaboración do Servicio de Informática e do Aula de Informática da UDC.

En función do equipamento do Centro (Aula de Informática e Biblioteca) e do Aula-Net, organizaranse cursos e actividades para a promoción dun mellor coñecemento e utilización dos programas informáticos relevantes tanto para o estudio, documentación e elaboración de monografías, como para o exercicio profesional. Trátase de aumenta-lo rendemento do equipamento actual e de incrementa-lo mesmo ata chegar a 1 ordenador por cada 25 estudantes.

II.1.2.3. Facilita-lo coñecemento de idiomas 8créditos de libre configuración)

Gran parte do material técnico e científico encontrárase en inglés, polo tanto estímularase a formación permanente deste idioma, a través de cursos de conversación, lectura e tradución de artigos de temas específicos do nosos ámbitos de estudio.

II.1.2.4. Realización de cursos para a formación e a mellora do coñecemento dos estudantes sobre técnicas de estudio, traballo en grupos e busca bibliográfica.

Da realización desta medida encargárase o Departamento, O Subdirector de Servicio ós Estudiantes e o Servicio de Orientación. Nembargantes tamén será necesaria a axuda e asesoramento de profesores doutras Facultades, Director de Biblioteca, etc..

Tanto a labor de estudio á que se enfrontan os estudantes como a realización de prácticas e proxectos profesionais nun contexto de traballo en equipo, necesitan dunha formación previa e complementaria, ademais da acción docente curricular. En consecuencia ofreceranse ó respecto actividades de formación en forma de cursos que leven asociados créditos de libre configuración.

II.1.2.5. Xornadas de encontro con profesionais e empresarios para conectar ó alumnado co mundo profesional e laboral.

Da realización desta medida encargárase a Subdirección do Servicio

ós Estudiantes e o Servicio de Orientación.

Esta acción non substitúe ás titorías personalizadas para promove-la Inserción laboral e profesional a través dunha axeitada orientación, senón que a complementa.

II.1.2.6. Realización de cursos de educación da voz para ensinantes e profesores.

Dende técnicas de economía de voz ata técnicas de expresión para mellora-la comunicación verbal mediante Seminarios organizados polo propio Departamento.

II.1.2.7. Facilitar e incrementa-las estadias dos estudantes noutras Universidades Españolas e Europeas, co establecemento das conformacións oportunas.

Da realización desta medida encargarase o Subdirector de Servicio ós Estudiantes.

Ademais de establece-las equivalencias de créditos ECTS, esta Facultade encontrase adherida os programas de intercambio de estudantes ente centros universitarios españois (Programa Séneca), onde se cursa a Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e, asemade, ó Programa Sócrates a nivel Europeo. Neste sentido incentivarase a utilización destes programas facilitando ó alumnado a xestión para o intercambio e ofrecendo un plan de validación que fagan que estes sexan posibles.

Igualmente promoveranse os intercambios con Ibero América a través do programa Intercampus.

II.1.2.8. Facilita-lo intercambio e estadias de profesores do centro cos de outras universidades.

Desta medida responsabilizarase a persoa que coordine o programa Sócrates no centro, que neste momento é o Subdirector de Servicios ós Estudiantes.

Algúns profesores xa disfrutaron de estadias, pero aínda se está lonxe de alcanza-lo desexable para un centro como o noso.

II. PROXECTO INVESTIGADOR

A investigación e a formación para investigar están directamente relacionadas pola *Misión, Valores e Cultura* e polo *Plan Docente* do INEF-Galicia. O centro construíu a través dos anos unha cultura propia en canto a formas de actuación, de pensar e sentir sobre o feito deportivo e esta cultura manifestouse no sentido e significado que se lle atribuíu á investigación. Por outra parte, a presenza de asignaturas de investigación no plan de estudos contribuíu a que os alumnos se iniciaran neste ámbito. Pero, tampouco podemos esquecer a escasa inversión en recursos técnicos e materiais, os que condicionaron, a súa vez, as directrices e prioridades das temáticas á investigación.

Despois de que pasaron máis de quince anos dende a creación do INEF-Galicia, entendemos que chegou o momento de reflexionar sobre o realizado_ o que fixemos, do que dispoñemos e o camiño que queremos continuar no futuro.

Habería que defini-la filosofía de investigación: qué entendemos por investigar, con qué criterios, os ámbitos e as cuestións éticas que deben estar presentes. A partir de aí é necesario revisar-la dispoñibilidade de recursos, para posteriormente deseñar unha estratexia de difusión dos coñecementos e datos acadados, non só dentro do centro seno tamén en relación a outras institucións académicas (universidades e asociacións) federacións, profesionais e outros ámbitos.

Presentaríanse unha serie de etapas na actuación relacionada coa actividade investigadora a desenvolver no INEF de Galicia nos próximos anos.

II.2.1. DIAGNÓSTICO

O obxectivo fundamental desta fase sería defini-la situación actual da investigación no INEF de Galicia:

- Inventariar los recursos actuais de investigación: equipamentos institucionais e aqueles conseguidos a través de proxectos de equipos de investigación.
- Creación de espazos comúns de investigación: laboratorios, aulas, unidades de apoio á investigación.
- Análise e revisión da estrutura organizativa da investigación no centro (SAAI, UAI, centro de Ciencias do Deporte)
- Análise da normativa vixente sobre establecemento e desenvolvemento dos cursos de doutorado e postgrao.
- Revisión das vías de financiamento utilizadas con anterioridade para o desenvolvemento da investigación.
- Reflexión sobre os valores e filosofía da actuación investigadora neste centro.
- Revisión dos mecanismos de difusión da labor investigadora fora e dentro do INEF de Galicia.

II.2.2. DESEÑO DE PROPOSTAS

De acordo ós datos recollidos na fase anterior desenvolveríanse as seguintes actuacións:

II.2.2.1 Redefini-la filosofía da acción investigadora

- Recoñece-la necesidade de dispoñer dos coñecementos previos necesarios sobre os aspectos relacionados co deporte e a actividade física.
- Necesidade de dispoñer dunha visión xeral das diferentes metodoloxías e técnicas de investigación que eviten enfoques parciais na investigación.
- Incorporar posturas éticas nas investigacións a desenvolver.
- Investigar e interpretar datos con aptitudes rigorosas e prudentes .
- Redefinir liñas de investigación: crear novas, facer máis específicas as existentes, etc..
- Conexión con grupos de investigación que traballan en temas próximos.
- Establecer contactos institucionais para favorecer novas vías de subvención para investigación.
- Difusión da investigación que se realiza no centro:
 - Na docencia
 - Nos Cursos de Doutoramento.
 - A través de Seminarios.
 - A través da exposición dos póster presentados a Congresos no centro.
 - Presentación das liñas de investigación no segundo ciclo.
 - Crear unha Semana da Investigación para dar a coñece-lo traballo desenvolvido ou retoma-las Xornadas de Teoría e Praxis.
 - Incorporar á páxina Web-Guía Académica do Alumno, con maior detalle, os proxectos de investigación postos en marcha.
 - Establecer contactos cos medios de comunicación, sobre todo prensa escrita, para enviar información puntual sobre as investigacións postas en marcha.
 - Aproveita-los convenios asinados para o Prácticum cos medios de comunicación para intentar que estes difundan información sobre o INEF de Galicia como centro educativo e investigador.

II.2.2.2. Cuestións de organización

- Que o Departamento solicite as referencias de comunicacións e publicacións para elabora-la memoria de investigación e que esta se remita a tódolos profesores.
- Que a biblioteca envíe unha lista dos índices de revistas cada trimestre.
- Necesidade de cataloga-los vídeos.
- Convocar reunións para determinar contidos de Cursos de Doutoramento.
- Revisar normativa e criterios sobre Cursos de Postgrao.
- Revisa-los criterios xa existentes sobre profesores invitados en Doutoramentos, Postgraos,...
- Revisar criterios de admisión de Cursos de Doutoramento:
 - ¿Os alumnos investigan realmente ou se inclúen nos equipos como requisito de acceso ó Doutoramento?
 - ¿Teñen tempo de investigar ó longo da carreira?
 - ¿Están en condicións de investiga, teñen formación?
 - ¿Pertenza a equipos de investigación ou mellores expedientes, como criterios de selección de alumnos?

- Posibilidade de determinar unha porcentaxe de prazas para os mellores expedientes e outro para os que están en equipos de investigación.
- Redefinición do carácter (fundamental, metodolóxico ou afín) de cada Curso de Doutoramento ofertado no Programa.
- Redefinición do criterio do “nº de alumnos”.
- Defini-las necesidades de espazos e equipamentos que deben cubrirse institucionalmente (universidade)

III. INEF GALICIA-ABERTO

A proxección exterior do INEF-Galicia constitúe unha liña de actuación prioritaria na que deben participar toda a comunidade do centro no seu conxunto, profesores, alumnos e P.A.S.

A universidade sirve á sociedade, non pode desenvolve-la súa actividade ó marxe dela nin ignorala. Nin a autonomía universitaria significa illamento, nin a universidade, como dispensadora dun servizo público e financiada publicamente, é algo que soo interesa ós membros da súa comunidade.

Dende INEFG-Aberto é preciso establecer e manter relacións flexibles e eficaces con institucións, entidades, empresas e persoas que conforman e inflúen na dinámica da sociedade civil na que está inmersa a universidade. O noso Centro debe ser escoitado e comprendido, debe promove-la colaboración e evita-lo rexeitamento, o récelo e a indiferencia.

O campo para a colaboración entre o INEFG-Aberto, a sociedade e a empresa ofrece numerosas e variadas posibilidades, como está poñendo de manifesto a Universidade da Coruña a través da OTRI ou a Fundación a UDC. Nesta liña, con mentalidade emprendedora, hai que seguir avanzando sen desnaturaliza-las funcións propias do INEFG en canto á docencia e a investigación. Para todo iso é, obviamente, clave o entendemento co mundo financeiro e empresarial.

No escenario da globalización no que nos atopamos, as relacións entre universidades, dentro e fora do país, van a ser absolutamente necesarias para contar coa calidade imprescindible no mundo crecentemente competitivo. No futuro, será cada vez máis importantes as decisións que xurdan da autonomía das universidades, con políticas creativas e innovadoras que non dependan exclusivamente das iniciativas oficiais. Nesta dirección haberá que moverse.

Concretando os obxectivos e na liña do exposto anteriormente, haberá que incrementar a mobilidade de profesores e estudantes na Unión Europea e as relacións puntuais coas universidades de Europa e América, fundamentadas en proxectos comúns e cuidadosamente seleccionados: redes de investigación, titulacións compartidas, etc.. non parece necesario insistir na importancia que deberá adquirirla coñecemento de idiomas entre os membros da comunidade universitaria.

Finalmente, será imprescindible preparar iniciativas axeitadas de información e marketing, para ofrecer os servizos do INEFG con unha desexable dimensión exterior.

III.1.- PRESENTACIÓN INEFG-ABERTO

Podemos defini-lo INEFG-Aberto como un programa de actuación e intervención que busca a integración do INEFG na sociedade a través e colaboracións con persoas e entidades públicas e privadas. Neste marco, as actividades que reúnan os requisitos esixidos serán recoñecidas institucionalmente como propias do INEFG e os profesores responsables moveranse nun marco formal que ampare e de valor engadido as súas actuacións.

A necesidade da existencia dun INEFG-Aberto poderíamos presentala a través de dúas preguntas: ¿pode o INEFG aportar algo á sociedade da que forma parte?, e ¿pode o INEFG, centro de educación universitaria, obter algún beneficio da súa relación co resto da sociedade?. En ámbolos dous casos as respostas serán afirmativas.

Nun sistema democrático, a universidade, como calquera outro estamento ou actividade humana, é cuestionada e revisada a cada momento. As propostas e alternativas que se consideran boas nun momento deixan de sê-lo ó cabo dun tempo, porque forman parte dun proceso vital que caracteriza ó devir social e ó que a universidade está intimamente ligada.

Non obstante e dende sempre, unha das principais críticas que se fan á ensinanza universitaria é, precisamente, que se encontra separada da realidade social. Existe unha opinión xeneralizada sobre o excesivo contido teórico dos estudos universitarios, no sentido de que os alumnos poden estudar moitas cousas pero, cando rematan os seus estudos, non dispoñen da competencia necesaria para afrontar con éxito, dende o primeiro día, os retos laborais.

Aínda recoñecendo en parte dita afirmación, tamén é certo que o fenómeno esconde outros moitos matices que permiten recoñecer o valor da ensinanza das nosas universidades. Todos estaremos de acordo en que os estudos universitarios gozan dun prestixio social e que, contando cunha formación “teoricamente” sólida e cun nivel baixo de praxis, unha persoa estará en condicións de progresar moi rapidamente na adquisición de competencias profesionais unha vez se integre na realidade laboral.

Neste contexto, a universidade debe de facer un esforzo por acerca-la formación dos seus alumnos a realidade do seu entorno e por lograr que os diferentes colectivos da poboación encontren na Universidade un lugar ó que acudir para presenta-las súas inquietudes, necesidades ou problemas e, que nunha iniciativa común, buscar solucións. Esta relación sería beneficiosa para ambas partes, si é que nalgún momento collese considerarse á universidade como algo distinto á sociedade que a sustenta.

Efectivamente, o INEFG pode aportar á sociedade ós seus coñecementos e, xunto con eles, un servizo de alta calidade e cualificación técnica no ámbito das actividades físicas e deportivas. Reciprocamente, a sociedade pode aportar ó INEFG o recoñecemento e o prestixio dos que debe facerse acredor e a posibilidade de aproxima-las súas intervencións á realidade das diversas poboacións que a configuran.

As actividades levadas a cabo no contexto do INEFG-Aberto deberán de perseguir-las seguintes finalidades:

- Aumenta-la presenza do INEFG e dos seus licenciados na sociedade, contribuíndo a incrementa-lo seu prestixio e recoñecemento sociais, converténdose nun centro de referencia na materia que lle é propia: as ciencias da actividade física e o deporte, nas súas diferentes manifestacións e ámbitos de intervención.
- Aproximar o INEFG á realidade do seu entorno, evitando que as actividades propias do Centro –transmisión e xeración de coñecementos- se instalen nun certo “autismo”, alleas á dinámica e os problemas da sociedade, aportando á necesaria teorización conceptual unha práctica e real que lle sirva de complemento.
- Incorpora-la colaboración de empresas e institucións no desenvolvemento do proxecto INEFG.
- Facilita-la formación dos profesores, os alumnos e o PAS do Centro:
 - Promovendo que a transmisión do coñecemento flúa en dobre sentido, dende as aulas ó entorno e viceversa.
 - Promovendo a mobilidade de estudantes e profesores entre universidades, tanto españolas como estranxeiras.
 - Xerando máis coñecementos por medio da oportuna adquisición de información ou datos a través dos proxectos de investigación que se leven a cabo e a súa posterior análise.
 - Favorecendo a realización de actividades que permitan a intervención práctica e tutelada dos alumnos.
 - Promovendo iniciativas de programas de formación para o PAS orientados a actualiza-los seus coñecementos no ámbito das universidades galegas e españolas.
- Xerar recursos económicos suficientes para permiti-lo desenvolvemento da propia actividade e para contribuír ó mantemento e incremento das dotacións de infraestruturas do centro.
- Preparar iniciativas axeitadas de información e marketing, para ofrece-los servizos do INEFG cunha desexable dimensión exterior.
- Ofertar e impulsar programas de formación continua, destinados a profesionais, como medio de actualización ás novas necesidades, coa flexibilidade no tempo e no espazo que permiten, en moitos casos, o uso das novas tecnoloxías.
- Promove-la presenza do Campus de Oleiros – UDC no desenvolvemento do proxecto INEFG.

III.2.- LIÑAS DE ACTUACIÓN DO INEFG-ABERTO

No proxecto INEFG-Aberto preséntanse distintas liñas de actuación co fin de levar a cabo o seu posterior desenvolvemento, a través dos epígrafes presentados a continuación.

O interese que motivou o desenvolvemento de ditas liñas, non foi outro que o de querer dar un paso na definición dos diferentes ámbitos de actuación, sen limita-las posibles ampliacións, modificacións e cambios que sexan necesarios introducir, de acordo coas necesidades futuras, dentro do marco das finalidades do presente documento.

III.2.1.- RELACIÓN INEFG-ABERTO /EMPRESA-INSTITUCIÓN

As empresas, no seu proceso de adaptación ás novas necesidades do entorno, introducirán a innovación como principal compoñente educativo. Neste sentido, o INEFG-Aberto debe ofrecer unha estreita colaboración ás empresas e institucións, próximas ós seus ámbitos de actuación, a través da súa participación en proxectos conxuntos e a través da súa oferta de servizos e de investigación.

Por outra parte, xa que a innovación é algo inherente ó espírito universitario, será necesario seguir traballando no desenvolvemento de actividades que se adapten ás necesidades da sociedade e, en particular, do mercado, ademais de deseñar unha política de promoción que facilite o coñecemento das posibilidades que o INEFG ofrece neste ámbito.

O INEFG-Aberto deberá promover un núcleo de coñecemento e desenvolvemento en torno á docencia e á investigación. Esta organización integrará a un conxunto de institucións e entidades clave na creación, desenvolvemento e transmisión do coñecemento como son a propia Universidade de A Coruña, os centros de investigación, as empresas e institucións, fundacións, consorcios, e a sociedade en xeral.

Este núcleo de coñecemento e desenvolvemento responderá á necesidade de traballar na creación dun modelo de relación en rede, que permita o intercambio de coñecemento e aproveitamento dos recursos e sinerxías, con obxecto de aunar esforzos na nosa contribución activa na adaptación das empresas e institucións ás novas necesidades, que continuamente se presentan, para o desenvolvemento humano nos ámbitos da cultura corporal, a educación física, o deporte, a actividade física e a saúde e o ocio e a recreación.

Como finalidades principais nesta liña de actuación, pódense destacar:

- Incorporar e implicar nos termos máis amplos ó mundo empresarial e outras institucións nun proxecto común co INEFG, a través dos programas do INEFG-Aberto.
- Lidera-la creación dun Clúster do Coñecemento.
- Promove-la creación de centros, fundacións, institutos de carácter especializado, que investiguen en temas demandados pola sociedade, tras detectar os sectores estratéxicos susceptibles de colaboración.
- Promove-la creación de empresas a partir da I + D universitaria.
- Potencia-lo seguimento dos egresados na licenciatura.

III.2.2.- INEFG-ABERTO E AS NOVAS TECNOLOXÍAS DE INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC)

A xustificación de desenvolver un proxecto baseado nas novas tecnoloxías no marco do INEFG pode responder a un intento de facilita-la labor de difusión das tarefas docentes,

investigadoras e de servizo á sociedade realizadas ou xestionadas polo INEFG, tanto para os integrantes do propio centro como para os que vaian a el en busca de información ou formación.

Tal xustificación é acorde coas perspectivas do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña, o cal presenta as seguintes funcións:

- A formación do profesorado dos diversos niveis educativos no ámbito formal e non formal.
- O asesoramento e orientación educativa a profesores, centros, institucións e persoas.
- O apoio á innovación educativas nas súas diversas facetas e dende as distintas especialidades e disciplinas.
- A potenciación e difusión de experiencias, traballos e materiais de interese pedagóxico.

O CUFIE creou o proxecto de Innovación Tecnolóxica e Ensinanza Multimedia (ITEM) co que pretende integra-las ferramentas das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) nos procesos formativos nas diferentes material das titulacións da UDC e noutras iniciativas de formación como os cursos de especialización, postgrados, masters, etc..

Dado que o INEFG-Aberta TIC desexa atender ás directrices da nosa Universidade, quedaremos integrados no proxecto ITEM, atendendo ós obxectivos específicos que este presenta tanto respecto a si mesmo, como con respecto ós seus alumnos e profesores. Pero, ademais, o INEFG-Aberto TIC desexa chegar máis ala do ámbito da universidade ó intentar atender algunhas das necesidades sociais, ofrecendo o seu traballo tanto dentro como fora do mundo universitario.

O espectacular desenvolvemento e difusión das telecomunicacións e as enormes posibilidades que suscitan a súa integración no medio educativo, constitúen argumentos importantes para xustificar e potencia-la integración das TIC nos contextos formativos universitarios. Partindo deste contexto, o INEFG-Aberto TIC terá como obxectivo xeral impulsa-lo desenvolvemento, utilización e integración das TIC na docencia universitaria.

A integración das TIC na docencia universitaria será beneficiosa ó menos nos seguintes aspectos:

- No que se refire ó acceso e tratamento da información. A través das TIC é máis fácil e máis rápido obter información, e ademais como xa está dixitalizada, resulta máis manexable, transportable e transformable.
- Permiten unha atención máis personalizada e flexible, respectuosa co ritmo de aprendizaxe do estudantes e coas súas necesidades. A información se presenta organizada baixo esquemas lóxicos de fácil comprensión e a través dos vínculos pódese completar, ampliar ou aclarar conceptos segundo se precise ou se desexe. Polo tanto propiciase unha maior autonomía no aprendizaxe.
- Ofrecen novas vías de comunicación tanto entre profesorado e alumnado (titorías electrónicas) como entre estudantes (foros de debate).
- O profesorado terá que supera-la súa función de mero transmisor de contidos para converterse en titor, dinamizador e asesor dos proceso de autoaprendizaxe.

III.2.3.- INEFG-ABERTO ON LINE

A selección de materiais adecuados para calquera situación de ensinanza e de aprendizaxe e a súa creación rápida e eficaz constitúen habitualmente unha dificultade importante na presentación e desenvolvemento de actividades educativas, cada vez máis caracterizadas pola súa dinámica e interdisciplinabilidade . Este feito hai que telo moi en conta tanto na planificación como no desenvolvemento destas actividades, especialmente si estas teñen planteamentos de innovación educativa e tecnolóxica constante.

Por este motivo xurde a conveniencia de adoptar unhas pautas baseadas en principios pedagóxicos que leven o desenvolvemento de materiais e de recursos de ensinanza-aprendizaxe en soporte dixital.

INEFG-Aberto On Line é unha iniciativa que ten como finalidade dar pautas e ser un dos puntos de referencia para a elaboración de materiais didácticos multimedia. O obxectivo básico é que, a partir do contexto de aprendizaxe do INEFG e da UDC, se configuren uns materiais cada vez máis axeitados a unha formación universitaria de calidade, para garanti-lo rigor e a facilitación do proceso de aprendizaxe.

Polo tanto, dende INEFG-Aberto On Line se contribuirá a impulsar aínda máis a creación de materiais didácticos multimedia, que permitan evolucionar á unha metodoloxía cada vez máis consolidada e punteira no mundo da formación, presencial e non presencial, dos novos tempos.

INEFG-Aberto On Line é un primeiro paso na definición de criterios de aplicación didáctica e, polo tanto estará aberto ás ampliacións, modificacións e cambios que sexa necesario introducir de acordo cos requisitos da evolución e da innovación educativa e tecnolóxica dos materiais e das necesidades futuras.

III.2.4.- INEFG-ABERTO E OS PROGRAMAS DE MOVILIDADE DE ESTUDIANTES E PROFESORES NACIONAIS (SICUE-SENECA) E INTERNACIONAIS (ERASMUS)

O INEFG, consciente de que a súa proxección constitúe unha condición e unha garantía de calidade, proclama a súa decidida vocación nacional e internacional. Os estudantes, profesores e persoal de administración deberán de ser capaces de moverse noutros entornos xeográficos e adaptarse con facilidade a eles.

Para elo haberán de potenciarse os logros ata agora obtidos en materia de mobilidade de estudantes e profesores, participando en programas conxuntos con universidades españolas e de tódolos países da Unión Europea, e apoiando tamén a participación en programas de colaboración con países de Europa Central e do Este.

Ademais un sistema docente e de investigación ambicioso debe aspirar a amplía-la relación con universidades e órganos de investigación latinoamericanos, e a promoción de redes de investigación con universidades norteamericanas.

Nesta liña, o INEFG a través do INEFG-Aberto promoverá todo tipo de intercambios: culturais, de cooperación ó desenvolvemento, estadias docentes e investigadoras, programas de

movibilidade para estudantes e profesores en ámbito nacional (SICUE-SÉNECA) e internacional (ERASMUS). Tamén se promocionará permanentemente o estudo e dominio do idioma inglés como ferramenta necesaria para todo este tipo de intercambios.

En relación con esta proxección exterior, algúns obxectivos xerais poderían ser:

- Elaborar unha Guía do Estudante e Guía Académica, en lingua inglesa, para promociona-lo noso centro en ámbito internacional e promover intercambios fructíferos.
- Orientarse hacia sistemas de acreditación internacional, promovendo actividades (dobres titulacións, doutorados, cursos, seminarios, etc..) cos países das áreas mencionadas.
- Xeneraliza-la aplicación do sistema ECTS (Sistema Europeo de Transferencia de Créditos) e incluír o Suplemento ó Diploma nas nosas titulacións.
- Impulsar continuamente a movibilidade internacional de profesores, investigadores e estudantes.
- Potenciar grupos de investigación para que participen en redes e proxectos internacionais.
- Impulsar políticas de bolsas que promovan unha maior movibilidade nacional e internacional.
- Impulsar accións de cooperación con universidades de outros países, priorizando o ámbito europeo e iberoamericano.
- Ofertar e impulsa-lo coñecemento de distintos idiomas, sobre todo o inglés, entre profesores e alumnos.

III.2.5.- INEFG-ABERTO, A FORMACIÓN CONTINUA E A SÚA PROXECCIÓN Á SOCIEDADE

As esixencias da sociedade do coñecemento na que constantemente se incorporan novos saberes nas distintas disciplinas científicas, nos obrigan a un replanteamento da formación universitaria; neste nivel educativo, a Formación Continua é un produto novo e dinámico e, asemade, é un medio importante para desenvolver e completa-los coñecementos do profesorado e para profundizar nas súas relacións coas empresas, sen esquecer que constitúen unha actividade interesante dende o punto de vista dos ingresos que supón.

Polo tanto, é necesario ofrecer e impulsar Programas de Formación Continua, destinados a profesionais como medio de actualización ás novas necesidades, coa flexibilidade, no tempo e no espacio, que permiten en moitos casos o uso das novas tecnoloxías.

Algúns obxectivos xerais en relación con esta liña de actuación, poderían ser:

- Desenvolver un Programa de Formación Continua e de estudos propios que sexan referencia nacional e internacional do INEFG.
- Promove-la apertura das materias dos estudos oficiais a calquera cidadán que o desexe.
- Organizar programas específicos, orientados a sectores concretos: productivos, sociais, terceira idade, etc..

- Propiciar que os Programas de Formación Continua sexan unha vía para a obtención de recursos, considerando a necesidade de establecer un sistema de bolsas, que permita o acceso a este tipo de formación a aqueles non dispoñen dos recursos necesarios.
- Incluír a centros e departamentos para que dean un forte impulso á Formación Continua.
- Desenvolver un mapa de titulacións propio da nosa Universidade, que responda ó desenvolvemento da mesma na próxima década, e este no posible adaptado á demanda.
- Revisa-los plan de estudio para que cumpran cos criterios de armonización das ensinanzas europeas e se integren coa demanda social do noso entorno e coa personalidade docente e investigadora dos nosos recursos humanos.
- Desenvolver currícula interdisciplinares.

III.2.6.- INEFG-ABERTO E O NOVO MODELO DE CAMPUS DE OLEIROS

O INEFG conta cunha ubicación xeográfica singular, lonxe doutros campus. Nos últimos anos a propia UDC, xunto ó Concello de Oleiros, está desenvolvendo a idea do Campus de Oleiros. Neste sentido, o único centro con ensinanzas formais na actualidade, neste campus, é o INEFG que, ademais de ser un centro dotado para albergar outras ensinanzas técnico-profesionais (cursos de adestradores, etc..) de postgraduación (Danza, etc..) e de formación permanente, debe saber orientar para o seu futuro desenvolvemento a rentabilidade potencial que lle ofrece este futuro campus.

Nas liña, hai que comezar a establecer vínculos de colaboración estabéis entre as empresas da comarca, os centros de investigación e demais elementos que compoñen o entramado do coñecemento e desenvolvemento de Oleirosl.

O desenvolvemento deste reto supoñería a asimilación dun novo concepto de campus universitario, máis orientado ás necesidades da sociedade e a empresa. O modelo debe diferencia-las peculiaridades de cada ámbito científico de formación e investigación: actividade física e saúde, ocio deportivo na natureza, impacto medioambiental, educación física e corporal, expresión artística e danza, deporte, etc..

Como finalidades máis importantes en relación con esta liña de actuación, poderían se-las seguintes:

- Redefini-lo concepto de campus, incluíndo no mesmo a idea de polo de innovación, o que implica:

- Crear redes entre unidades (centros, institutos, etc..) definidas por obxectivos comúns (natureza da investigación, obxectivos,etc..) delimitadas e identificadas.
- Promove-la presenza no campus de novas actividades e de institucións non universitarias
- Desenvolve-lo concepto de INEFG emprendedor, que poña en práctica o produto da innovación universitaria.
- Pensar en clave de campus integrador dos recursos da comunidade autónoma.
- Promociona-la creación de infraestructuras para actividades como congresos, seminarios, foros, etc..